

## O recendo do xabón Lagarto

A miña bisavoa chamábase Lucha e vivía na casiña de pedra do lado, unha casa pobre pero limpa, sempre limpa, coma se a dignidade se puidese fregar. No corredor ficaba preso o recendo do xabón Lagarto, ese cheiro forte e honrado que se metía na roupa e no recordo. Non quixo nunca lavadora: dicía que as mans sabían mellor cás máquinas o que era a sucidade, e tamén o que custaba quitarlle o mal ao mundo.

A Lucha tocoulle vivir tempos malos. A guerra pasoulle por riba, como pasan os carros polos camiños: deixando marcas que xa non se borran. Perseguíronlle irmáns por pensar máis do debido e aprendeu cedo que hai palabras que é mellor rezalas ca dicilas. Quedou viúva nova, con dúas fillas e pouco máis ca unha fe teimuda e unha dignidade que non se rendía. Nunca a oín queixarse. Dicía só: “O Señor aperta, pero non afoga”, e seguía adiante.

Era muller de enterros. Non había morto na parroquia que non tivese a súa presenza. Dicía que, cando lle chegase a hora, quería que a aldea enteira a acompañase, porque un non é ninguén se marcha só. Non sabía ela que a morte, cando quere, tamén sabe ser egoísta.

Eu, daquela un rapaz, pasaba as tardes con ela. Falaba pouco, pero cada palabra quedaba pousada, coma pan enriba da mesa. Advertíame de non correr moito, que o demo anda sempre detrás dos que non descansan, e eu, por se acaso, facíalle caso. Na súa cociña o reloxo debía andar mal, porque alí o tempo era doutro xeito, máis humano.

Logo veu o esquecemento, sen facer ruído. Primeiro trocou os días, logo os nomes, ata que un día me mirou e preguntoume de quen era. Eu díxenlle que era de quen máis a quería. Sorriu, satisfeita, como quen resolve unha dúbida importante.

Despois buscaba unha nena. Ninguén sabía cal. Para calmala déronlle unha boneca. Collíaa con coidado, faláballe quedo e dicía que era do sangue e que ao sangue hai que quere-lo, guste ou non. Nesa frase estaba todo o seu credo.

Nos derradeiros tempos xa non saía da casa. Entre o rosario e a boneca foise apagando, mentres a memoria lle marchaba a anacos. O alzhéimer quitoulle os nomes, pero non lle soubo quitar o amor.

Morreu na pandemia, sen a aldea que tanto quixera detrás. Mais eu penso que, cando tocaron as campás, algo se moveu no aire. Agora, cando sinto o recendo do xabón Lagarto, sei que a Lucha aínda anda por aquí, ensinándonos que o amor non precisa lembranza, só verdade.

